

# SENDEIRO DOS TRES MONTES

## REDE DE SENDEIROS DE PONTE CALDELAS

De cruceiro en cruceiro percorre, nas costas de castrelada tres modelos de xestión do monte veciñal: Pastizais adevesados, piñeiral e eucaliptal.

Como un irmandiño, atrévete a conquistar a torre do Castelo desde a que contemplar a panorámica do val do Verdugo.

Achegate á Pedra do Cervo e asómbtrate coa arte prehistórica.



### ETAPAS NO CAMIÑO

- 1 2 Atallo ao río:** 750 m. Camiño de terra que comunica o paseo da Calzada con Caldelascruzando a estrada.
- 3 4 Camiño ao Castelo e Pedra do Cervo:** 1800 m. Camiño de pe e pista forestal con fortes pendentes na subida ao monte Castelo.
- 5 6 Camiño da Sorreira:** 1617 m. Corredoiira empedrada empata co camiño de Roriz, pode ter auga.
- 7 8 Camiño de Roriz:** 1800 m. Corredoiira empedrada que comunica Laxoso coa Igrexa de Caldelas.
- 9 10 Camiño do Pombal:** 1400 m. Antigo camiño entre casas, agora xa cementado na maioría.
- 11 12 Pista forestal:** 2200 m. Camiño de carro de Paradela. Pista forestal que percorre os montes de Cuñas, Caldelas e Laxoso. Hai que pasar polos peches do gando. Manteña as portas pechadas.





## A TORRE DO CASTELO

No alto do monte do Castelo, existía unha torre da que non temos moita referencia documental, tería encomendado o control dun territorio, clave durante as Idades Media e Moderna, coñecido como Caldevergazo, unha xurisdición autónoma conformada por sete parroquias, pero pertencente ao Arcebispado de Santiago, que se sitúa sobre un vao do río Verdugo dominando o principal eixe de comunicación entre a cidade de Pontevedra e as comarcas do interior.

Non sabemos exactamente como ocorreu a destrución da torre do castelo, puido ser durante as revoltas irmandiñas do século XV, nas que os campesiños reaccionaron contra os abusos das clases dominantes. As torres eran símbolo desa opresión e polo tanto foron destruídas.



## MONTE DE LAXOSO

O monte de Laxoso mantén un convenio coa administración forestal, que foi a que plantou nos anos 90 a masa de piñeiro que atravesamos. A xestión pouco intensiva favoreceu o crecemento dun sotobosque variado e rico en especies autóctonas. Podemos apreciar tamén mouteiras dunha especie de eucalipto menos estendida en Galicia que se caracteriza pola súa casca grosa e fibrosa algo rosada, unha copa ben frondosa con follas máis anchas, e portos as veces maxestosos.



corzo  
*Capreolus capreolus*



teixugo  
*Meles meles*



arrendajo  
*Corvus glandarius*



esquío  
*Sciurus pusillus*




leirón careto  
*Elomys quercinus*



peto  
*Dendrocopos major*

## MONTE DE CALDELAS

Os veciños de Caldelas apostaron por un aproveitamento gandeiro no seu monte, mantendo mouteiras doutras especies en mosaico en medio dos pastizais, o que xera unha paisaxe aberta adevesada, moi segura fronte aos incendios forestais.



## PEDRA DO CERVO

As representacións de cervos son moi comúns no conxunto dos gravados do suroeste de Galicia, normalmente formando rabaños e, en ocasións, representando escenas de caza. Dese conxunto destacan catro por ser cervos con tamaño claramente superior á media: son os de Laxe dos Carballos e Rotea de Mendo en Campo Lameiro, Laxe das Cruces (Tourón) Ponte Caldelas e por último este que podes contemplar no sendeiro. Todos estes cervos (salvo o de Cuñas) teñen o mesmo número de hastas, miran cara a mesma dirección, e presentan tres marcas illadas xunto a un dos cornos, o que fai pensar nalgún tipo de cómputo dos ciclos lunares. Así, os gravados rupestres de grandes cervos ofrecen un exemplo singular de como o firmamento e a paisaxe se relacionan de maneira íntima.



## SENDEIRO DOS TRES MONTES

### REDE DE SENDEIROS DE PONTE CALDELAS

Neste folleto tratamos de contarte só algunhas das miles de cousas que podes atopar neste val. Se crees que merece a pena coñecer máis cousas non dudes en consultar a nosa web.

## MONTE DE CUÑAS

Os veciños de Cuñas teñen o monte conveniado con NORFOR para a produción de madeira de eucalipto de quenda curta 15-20 anos con destino á trituración. Quedan restos de masas doutras especies procedentes de repoboacións anteriores ao convenio, especialmente piñeirais. A xestión forestal do eucalipto implica un control intenso do mato do sotobosque xa que a súa copa aberta permite o crecemento do mato heliófilo.

